



NORMATIVA DA PROBA:

“ XI Carreira de fin de ano 2015 Mugardos-Ares-Mugardos”.

Organizan: Concellos de Mugardos e Ares e a Federación Galega de Atletismo

- **DATA:** 27 DE DECEMBRO DE 2015. Proba incluída no calendario da FGA
- **HORARIO:** Saída ás 11 da mañá da Casa do Concello de Mugardos.
- **LUGAR:** Pavillón polideportivo do Cristo concello de Mugardos.
- **DISTANCIA A PERCORRER:** 10 km.(non homologados)
- **IDADE:** Ter cumpridos 16 anos na data da proba.
- **CLASIFICACIÓN:** A clasificación e a cronometraxe será electrónica e apoiada polo Comité galego de xuíces.
- **INSCRICIÓNS :** Ate o 22 de decembro na pasarela <http://www.carreirasgalegas.com> realizando un pago de 3 € . Número máximo de prazas 500.

Retirada de dorsais no mesmo Pavillón polideportivo do Cristo de 9:00 a 10:45 o día da proba. A retirada do dorsal será a confirmación da asistencia á proba.

- **PERCORRIDO:**Mugardos-Ares-Mugardos.

Ás 10'50 horas concentración previa a saída da proba na Avenida de Galicia diante do Concello de Mugardos, dende a saída faise un percorrido polo casco urbano, rúa María, avd. de Galicia, rúa Castelao, logo tomar a Rúa dos Corzás dirección Ares (Ac130), entrase na vila de Ares pola Avd. de Mugardos ate o Paseo marítimo onde se xira á esquerda, neste punto haberá un avituallamento líquido, séguese o paseo marítimo ate que se chega á Avd. Saavedra Meneses que se percorre ate o cruce do Mazote onde se xira á esquerda cara esta rúa. Ao rematar a Rúa do Mazote acadamos de novo a Avd de Mugardos dirección Mugardos pola Ac 130 ate o Cruce dos Catro camiños en Mugardos onde se entra á rúa do Cristo para rematar a proba fronte ao Polideportivo municipal de Mugardos.

Tempo máximo de control da chegada 55' logo da saída. Avituallamento sólido e líquido para todas as persoas participantes ao chegar á meta. Por cuestións alleas á organización como obras públicas ou privadas poderá haber pequenas variacións no circuíto descrito. Durante toda a carreira o tráfico estará restrinxido e todos os cruces controlados por policía e protección civil debendo os participantes atender as súas indicacións.

O tempo estimado da proba é de entre 30 min e 55 min.

Ao remate da carreira farase unha clasificación xeral por tempos nunha categoría única. Todas as persoas participantes que rematen a proba participaran no sorteo de 10 cestas do Nadal.

As dúbidas e interpretación das normas serán resoltas segundo a normativa en vigor da FGA para probas de estas características.

A cobertura do seguro de accidentes deportivos non cubre patoloxías nin lesións anteriores ou alleas á proba sendo responsabilidade de cada participante a cobertura das mesmas así como o de estar nas condicións físicas axeitadas para realizar a proba.

Todo o non previsto neste regulamento resolverase conforme ás normas da F.G.A., R.F.E.A e I.A.A.F, por esta orde.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.